

COMUNICADO Nº 034/22

4 DE ABRIL DE 2022

¡FAKE NEWS NON!

Estanse a producir reiteradas afirmacións públicas dun coñecido empresario de recambios no que imputa delitos gratuitamente, cunha inusitada incontinencia verbal, afirma que ten información privilexiada da Administración Autonómica na que inhabilitarán ó Presidente da Federación por quebrantamento de sanción, asinar contratos, representar a Federación, etc, etc

Por elo, ante a multitude de “Fake News” con solta de verborrea carente de proba algunha en diferentes medios de comunicación, cunha total falta de rigor, falta de respecto polos demais, ausencia de calidade humana, nula formación persoal, sen basearse na verdade e causando prexuízo a Federación Galega de Automobilismo temos que informar:

- 1) A Copa Marbella non a promoveu o recambista con don Joan Roda; antes se fixo a Copa Panda que esponsorizou a Rede Seat Galicia, baixo a presidencia de Don Pablo Abellás, e a Federación Galega de Automobilismo. O gañador da mesma entregóuselle un premio final de 1.200.000 pesetas, con cargo ós presupostos federativos.
- 2) Tamén asevera, faltando a verdade que a Beca PXP a inventou e creou el, cando é incerto porque cando se lle ofreceu a posibilidade de esponsorizala PXP19, a Federación Galega de Automobilismo levaba facendo varias tempadas deportiva (no 2017 e no 2018) a copa PXP sen o patrocinio da empresa de recambios.
- 3) O recambista de éxito empresarial ofrecéuselle, con memoria e contrato, entrar na beca cunha aportación económica de 60.000 euros mais I.V.E., por ano, cun asinamento de catro anos, ou sexa 240.000 euros mais I.V.E. ; pero como gran empresario, que si o é, preguntou polo custe do Renault Clio N5 RMC, da beca, e díxoselle que tiñamos un prezo especial subvencionado de 110.000 euros, mais I.V.E., e que o pagaría a Federación Galega de Automobilismo. No transcurso da reunión falouse das bondades deportivas e económicas da beca, facendo números os presentes. A conclusión do empresario recambista foi que si pagaba o coche aforraba o contrato (240.000 – 110.000 euros = 130.000 euros de aforro inicial), e o acabou contrato venderíase o coche (mínimo 70.000 euros) co debido retorno económico. A conclusión e sinxela e fácil, faríao calquera con posibles como así foi. Dunha esponsorización-abono de 240.000 euros quedou en 110.000 euros iniciais; que de ter cumprido o contrato asinado, que non o fixo, saíralle a un abono anual de 27.500 euros/ano, facendo un negocio publicitario con importantes beneficios para a empresa de recambios, e máis que rentable en termos económicos. Esta é a realidade da información que aparece documentada nos arquivos federativos, así que interpreten vostedes; tendo en conta ademais que houbo contrato asinado incumplido unilateralmente.
- 4) Afirma que no Rallye San Froilán, a Federación incumpriu a súa obriga non aboando o seguro a todo risco do coche da beca. O seguro foi aboado a RMC Motorsport (factura NºSC/4903 de data de expedición 9 de outubro do 2020, por transferencia bancaria. En concreto unha vez

máis calumnia, apoiándose nunha mentira reiterada no tempo, pero non na verdade, que consta a transferencia (auditada por dúas Auditoras) na contabilidade da Federación e con traslado e coñecemento da Administración Autonómica.

- 5) O recambista enviou notificación, á Federación de que o contrato que se asinou entre a Federación, a empresa de Recambios, e AMF Motorsport, para transportar o coche e facelas debidas asistencias, despois do Rallye de Ourense onde o seu piloto perdeu o rallye no último treito, quedaba anulado pola súa parte, unilateralmente, sen contar cos outros dos asinamentos, e a partir da data o coche o levaría RMC. Posto en contacto con el, informóuselle que por incumprimento a asistencia, a partir da data, tiña que pagala a súa empresa. No seguinte rallye, o Mariña Lucense, o coche non se prestou, non saíu das dependencias de Recalvi onde estaba depositado e o día de celebración da proba a ITV do vehículo non estaba o día e ademais tiña o cambio avariado, sendo a empresa recambista a depositaria.
- 6) Noutro eido temos que esquecer os presuntos incumprimentos con organizadores (Autonómicos e Copa) que se lamentan en privado e asumen ter confiado na súa palabra, promesas, e ofertas que non chegaron nin se esperan xa; pero que definiron o seu talante e a súa forma de actuar no tempo.
- 7) Nun programa de radio de opinión, non de información, o recambista volveu a dicir unha verdade a medias. Resulta que o empresario cunha finalidade lucrativa e contra os intereses do automobilismo deportivo de Galicia rexistra a denominación Campionato de Galicia e Copa de Galicia de Rallyes, que disfrutaba o Automobilismo Galego e a súa Federación nos últimos cincuenta anos. A Asesoría Xurídica da Federación, enterada da tropelía, fai recurso e impugna todo ante a “Oficina Española de Patentes y Marcas” (obrando resolución final en poder da Federación) que falla inadmitindo o rexistro do “Campeonato de Galicia de Rallyes” a favor da Federación e a Copa, por ser xeralista, o recambista si a pode utilizar.
- 8) Tamén se dedicou a faltar a verdade e o respecto o recambista en “Rallye Streaming” e debemos rebater, punto por punto, a cantidade de falsidades e imputacións a que a Federación e o seu Presidente, por alusións, foron sometidos:
- 9) O do seguro foi clarexado no punto 5.
- 10) Sobre a afirmación calumniosa da suposta recomendación a RMC de que lle cobrara o dobre pola asistencia no Rallye San Froilán iso, só o cree o recambista na súa ensoñación xa que non se corresponde coa realidade e o Ceo de RMC, pode aclarar esta cuestión, que non deixa de ser unha afirmación do Recambista que movido pola frustración que lle supuxo a perda do Rallye de Ourense, que como mal perdedor, imputoulle a culpabilidade do seu resultado fatídico a empresa AMF Motorsport e o seu xerente.
- 11) No caso de Diego Vila, é público e notorio polas súas declaracións persoais, no que o recambista abandonouno caprichosamente, incumprindo o contrato asinado, e a Federación para compensalo concedeulle unha tempada máis con outro Renault Clio N5 de RMC Motorsport con cargo ós seus presupostos exclusivos.
- 12) Tamén, o recambista, pavonéase que non o levamos os Xulgados Ordinarios, e que non lle pedimos danos e prexuízos. Pois si, non o levaremos a ningún lado pois o prexuízo de imaxe

para todos sería de difícil reparación, pese ó incumprimento/indebido do contrato téndonos ameazado en público invitámolo a que nos demande, querelle, ou simplemente nos aperciba se ten materia e ganas de defender as súas teses sen base en documentos que avalen as súas moitas “Fake News”.

- 13) Insúltanos en público, sen decoro e sen educación, fala de comisións do 30% en pneumáticos de competición, ou xeralistas, ou mestura tendenciosa e maliciosamente con ánimo de ensuciar e desprestixiar; cando en realidade el é o que se descalifica como comisionista habitual.
- 14) O recambista mestura continuamente deporte de base (competencia autonómica) co deporte de elite (estado español), e ámbitos diferentes da Federación Galega – Secretaría Xeral Para o Deporte, e Federación Española-Consejo Superior de Deportes. As competencias veñen establecidas nas leis que o recambista obviamente descoñece. Dito isto cada un na súa casa coa súa competencia, responsabilidade e presuposto económico.
- 15) A Copa de España de Rallyes, trata de prexudicar ó Campionato Galego de Rallyes, basta ver que catro probas dun total de seis son en Galicia. Intentouse mercar con diñeiro probas-vontades para que desistiran de facer o galego, uns fóronse e a maioría quedáronse, e outros naceron con moita forza e éxito deportivo. As datas galegas publícanse a mediados do ano-tempada anterior e as da Copa comezada a tempada, pisando datas, sen respecto a Lei do Deporte de Galicia e a competencia exclusiva de Galicia en materia de deporte. O non solicitar as datas en Galicia, por lei, xa sexan probas Internacionais, Nacionais ou Autonómicas, das que existe cumprida xurisprudencia do “Tribunal Galego de Apelación”, do “Comité Galego de Xustiza”, e do “Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”; de obrigado cumprimento.

Ante tal ilegalidade e atopelo a **"competencia exclusiva"** en materia de deporte de Galicia, quen ten que tomalas medidas oportunas é a Administración Autonómica en defensa do seu Estatuto de Autonomía.

- 16) En definitiva, obras son amores e non boas razóns, temos o mellor Automobilismo de Base da Península Ibérica en Galicia, e as mellores inscricións grazas ós medios e ós incentivos económicos de que dispón a Federación Galega de Automobilismo, e a un tecido organizativo inmillorable apoiado e mimado a través de moitas tempadas con calendarios e premios reais; e non con promesas baldías e premios volátiles como os da Copa que mudan segundo o carácter e criterios cambiantes a conveniencia do recambista.
- 17) Fai manifestacións públicas deixando en evidencia ós organizadores, á Federación Galega de Automobilismo e incluso á Federación Estatal, que si “el quiere” o Rías Baixas será do Supercampionato, que a Copa farase mentres el pague, e que o criterio para escoller o número de probas e onde e cales son as que el di, por enriba do criterio da R.F.E. de A., os premios tamén os decide, etc, etc.. En definitiva como si él fose a máxima autoridade no automobilismo patrio, sen que intermedie ningún órgano federativo, o que ven a demostralo seu talante antidemocrático e o seu impositivo criterio que ó parecer se está a seguir pola Federación Estatal.
- 18) Tamén afirma que no galego se impón o provedor onde mercalos pneumáticos, e no estatal e libre onde mercalos. Ante, de novo, a súa ignorancia intencionada témoslle que dicir que o único

distribuidor en España, para pneumáticos de competición da marca de Clermont-Ferrand, e “Neumáticos Hermanos Álvarez” en exclusiva desde fai moitísimos anos, inclusive desde a época na que corriamos os que xa estamos retirados.

- 19) Alguén dixo que as raxadas e soberbias deportivas páganse antes que despois. Así o deste fin de semana deportivo, en Córdoba, é unha cura de realidade e debería ser para el de humildade. As veces as festas, os acertos, e os erros, tamén van por barrios.
- 20) Para finalizar como dixo o Quixote a Sancho, ladran logo cabalgamos ...

**DPDO. DE COMUNICACIÓN E PRENSA DA
FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**